



# Radio para combater o machismo, o consumismo e o racismo dende o instituto

**Centos de mozos e mozas que participan no proxecto educativo Activistas polo mundo que queremos, realizarán estas semanas podcast radiofónicos dende os seus centros educativos**

**Santiago, 22 de febreiro de 2021.** Dende Vigo a Castroverde, de Ares a Vilagarcía pasando por Vilaboa e Baiona, case cincocentos mozos e mozas que participan este ano no proxecto de educación en valores "[Activistas polo mundo queremos](#)" realizarán durante estas semanas podcast dende a súa aula para combater o machismo, o consumismo e o racismo, tres das principais lacras que asolan a nosa sociedade.

En obradoiros anteriores os alumnos e alumnas aprenderon o que significa ser unha persoa activista tanto na Galiza coma noutras partes do mundo, grazas ás charlas virtuais que mantiveron con activistas dominicanas e salvadoreñas. Tamén reflexionaron sobre como as ferramentas comunicativas, como a radio, pódennles axudar no seu activismo.

Nos vindeiros días os mozos e mozas, tras investigar e facer os guións das súas reportaxes, gravarán os seus propios programas de radio de denuncia e transformación social onde abordarán temas de actualidade como os parques eólicos da serra da Grova e do Galiñeiro, o racismo nas aulas, entrevistarán a coñecidas escritoras feministas como Eli Ríos...

**O IES Primeiro de Marzo, de Baiona, será o primeiro centro que gravará os seus podcast mañá martes as 12:20h. O mércores será a quenda do IES Miguel Ángel González Estévez de O Carril (Vilagarcía de Arousa).** Nas seguintes semanas irán gravando o resto dos centros educativos que este ano participan no proxecto: o CPI As Mirandas en Ares (A Coruña), o CPI Plurilingüe de Castroverde (Lugo) o CPI do Toural de Vilaboa ( Pontevedra) e CPR Rosalía de Castro de Vigo.

Esta é a oitava edición dun proxecto que iniciou no mes de xaneiro e que anos anteriores xa achegou estas cuestións a máis de 3.000 alumnos e alumnas de toda Galicia. Este ano por mor da pandemia o proxecto inclúe unha forte aposta pola educación virtual, mesturando as sesións presenciais ( como o obradoiro de radio) coas online a través dunha aula Moodle.

"Activistas polo mundo queremos" faise posible grazas a unión de tres ONGDs, Solidariade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.